

Outras árbores da familia salicáceas, distintas dos salgueiros, presentes en Galicia

Texto: HENRIQUE NIÑO RICOI
Ilustracións: LUÍS I. NIÑO RICOI

Salicáceas é unha familia de árbores e arbustos propios das rexións temperadas do Hemisferio Norte, que comprende catro xéneros cunhas 350 especies, algunhas presentes tamén nos trópicos e no Hemisferio Sur. Os xéneros máis abundantes son *Salix* e *Populus*, amplamente representados por toda a zona de distribución da familia. Os outros dous: *Chosenia* e *Toisusu*, con moi poucas especies cada un, só están presentes no nordeste asiático.

En Galicia podemos atopar dous destes xéneros: *Salix*, xa tratado no número 15 desta revista e *Populus* do que temos presentes tres especies autóctonas ou naturalizadas, aínda que se cultivan outras especies, híbridos e variedades de uso forestal ou ornamental.

O xénero *Populus* comprende unhas 40 especies, polo xeral árbores, que posúen follas simples e caedizas, de diversas formas, incluso no mesmo individuo, provistas dun longo pecíolo, xeralmente comprimido lateralmente e perpendicular ao plano do limbo, o que lles confire unha grande mobilidade. Algunhas especies adquiren unha coloración invernal moi vistosa (dourada ou amarela).

DISTINCIÓN ENTRE *SALIX* E *POPULUS*

Salix

Follas máis ou menos estreitas con pecíolo curto e tesó

Brácteas dos amentos enteiras ou, como moito, escotadas

Xemas invernais recubertas por unha única escama

2 - 5 estames

Amentos erectos

Populus


Follas anchas con pecíolo longo e flexible

Brácteas dos amentos dentadas ou laciniadas

Xemas invernais recubertas por numerosas escamas

6 - 32 estames

Amentos colgantes



As flores teñen un só sexo e cada un está situado en plantas diferentes, polo que existen pés masculinos e pés femininos.

Os dous tipos de flores carecen de cáliz e corola, estando cinguidas na base por un disco carnoso en forma de copa e protexidas por unha bráctea que normalmente cae na madurez. As flores masculinas posúen entre 6 e 32 estames e as femininas un ovario súpero, sentado ou case, provisto dun estilo moi curto e dous estigmas, frecuentemente bífidos.

Tanto as flores masculinas como as femininas van agrupadas en inflorescencias (**amentos**) situadas nos laterais das ramas, de raque flexible, polo que normalmente son colgantes.

O froito é unha cápsula máis ou menos verdosa que vira a parda na madurez. Ao abrirse deixa libres numerosas e pequenas sementes que se dispersan mercé a que portan un penacho de pelos brancos, máis ou menos longos e densos, con aspecto de copo de algodón.


Florece entre febreiro e abril, diseminando as sementes mes e medio máis tarde, é dicir, en abril ou maio.

A floración adiántase á aparición das follas, polo que se denomina **precoz**. Esta particularidade, dada a súa condición de plantas **anemógamas**, evita a barreira física do follaxe, que podería dificultar a propagación do polen.


O seu nome latino **POPULUS**: popular, debe referirse a ser un xénero abundante e cultivado, sobre todo en prazas e outros lugares públicos ou derivar do grego **PALPALUS**: tremer, en alusión a mobilidade das follas.

As árbores deste xénero son coñecidas vulgarmente cos nomes de **álamos**, **chopos** ou **choupos**. Tamén, nalgunhas zonas e algunhas especies, se lles chama **lamagueiro** ou **lamigueiro**, denominacións que comparten con especies do xénero *Ulmus*.

Son de moi fácil reprodución tanto por semente, como por gromos de cepa ou de raíz, por estaca, etc. Presentan un



**CHAVE PARA IDENTIFICAR OS CHOUPOS
SILVESTRES**



A nosa flora

Orixinaria de Europa e oeste de Asia.

Árbore da ata 30 m. Tronco recto, elevado e groso con cortiza primeiro cincenta e lisa para ir gretando de arriba a abaixo e formando entre as fendas unhas costelas negras e uns avultamentos moi característicos.

Ramiñas amarelas con xemas invernantes moi viscosas, puntiagudas e sen pelos.

Follas de 6 - 10 cm, entre romboidais e triangulares coa marxe serrada e translúcida, longamente acuminadas no ápice, provistas dun pecíolo de 2 - 6 cm, comprimido. Verde brillante na face, máis pálidas no envés. En outono viran a cor amarela.

Brácteas florais laciniadas e sen pelos. Flores masculinas con 6 - 25 estames de anteras púrpuras, reunidas en amentos de 3 a 9 cm. Flores femininas con estigmas amareentos, reunidas en amentos de 7 a 15 cm. Cápsula de 7 - 9 mm.

Habita en ribeiras de cursos fluviais e zonas húmidas. Moi plantada en paseos e estradas.

Populus tremula L.

Choupo tremedor, álamo tremedor

TREMULA: tremente, en alusión a mobilidade das follas.

Orixinaria de Europa, Asia e norte de África.

Árbore de 20 m. Tronco cilíndrico e recto con cortiza branca - verdosa e lisa nos exemplares novos que co tempo vai gretando lonxitudinalmente e vira a marrón escura na base.

Ramiñas marrón escuras con xemas invernantes algo viscosas, puntiagudas e algo pelosas, cualidade que perden co tempo.

Follas de 3 - 7 cm, entre arredondadas e ovadas, irregularmente dentadas, con ápice agudo ou arredondado, provistas dun pecíolo de 4 - 6 cm, comprimido. Verdes na face, máis pálidas no envés. En outono viran a cor amarela.

Brácteas florais laciniadas e con pelos. Flores masculinas con 8 estames de anteras púrpuras, reunidas en amentos de 5 - 12 cm. Flores femininas con estigma púrpura, reunidas en amentos de igual tamaño que os masculinos. Cápsula de 4 mm.

Habita en lugares sombríos, fondos de val e marxes da ríos. ■

BIBLIOGRAFÍA

Árboles y arbustos de la España Peninsular.

J. Ruíz de la Torre.

E.T.S.I.M. Madrid 1979

Flora Iberica vol. III

S. Castroviejo e col. (editores)

Real Jardín Botánico. C.S.I.C. Madrid 1993

Madrid verde.

J. Izco

M.A.P.A. Comunidad de Madrid. Madrid 1983

Flora complete de France, Suisse et Belgique.


G. Bonnier

Librerie General de L'Enseignement. Paris

Las plantas con flores.

V.H. Heywood

Ed. Reverté. BARCELONA. 1985



PEQUENO GLOSARIO BOTÁNICO

acuminado: dise das follas ou doutros órganos foliáceos cando terminan en punta, sen importar de que consistencia.

amento: espiga péndula de flores pequenas e unisexuais.

anemógama: dise da fecundación realizada por mediación do vento.

ápice: punto extremo ou superior.

bráctea: folla transformada situada nas proximidades da flor, de forma, cor, tamaño e consistencia variables.

cápsula: froito seco, cun só lóculo e varias sementes, que se abre na madurez por poros ou suturas.

escotado: provisto dunha amósega ou entalladura pouco profunda. Sinónimo de **emarginado**.

fastixiado: dise das plantas, inflorescencias, etc., nas que ramas, pedúnculos, etc. aproxímanse ao eixe que as porta, de tal maneira que o conxunto remata en punta.

laciniado: dise das follas ou órganos divididos en **lacínias** (divisións de calquera órgano laminar en forma de finos filamentos).

lobulado: dise das follas ou órganos divididos en **lóbulos** (divisións dun órgano, principalmente follas, cálices ou corolas).

ovado: en forma de ovo coa parte máis ancha na base (referido a dúas dimensións).

palmeado: dise das follas nas que as divisións están dispostas como os dedos dunha man aberta.

precoz: tratándose de flores ou amentos, cando se desenvolven antes que as follas da propia planta.

raque: pecíolo común dunha folla composta. Eixe principal sobre o que están sentadas as flores dunha espiga. En xeral, eixe principal de calquera inflorescencia.

súpero: dise do ovario situado por encima do plano de inserción dos outros verticilos florais.

tomentosas: cubertas moi densamente de pelos curtos e ramificados, semellando unha borra.